



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Publicación edicto padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2025"

ANUNCIO

Publicación edicto padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2025" (1ª quenda: do 1 ao 15 de xullo de 2025, 2ª quenda: do 16 ao 31 de xullo de 2025, 3ª quenda: do 1 ao 14 de agosto de 2025 e 4ª quenda: do 18 ao 29 de agosto de 2025)

Por resolución do concelleiro da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 964/2025 de data 9 de outubro de 2025, acordouse:

Primeiro: Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2025" (1ª quenda: do 1 ao 15 de xullo de 2025), que comprende 153 recibos, dos cales 7 correspóndense con cotas 0, dun total de 100 persoas participantes, e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de sete mil catrocentos trinta e nove euros con trinta céntimos (7.439,30 €).

Segundo: Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2025" (2ª quenda: do 16 ao 31 de xullo de 2025), que comprende quenda 153 recibos, dos cales 7 correspóndense con cotas 0, dun total de 100 persoas participantes, e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de sete mil trescentos vinte e tres euros con oitenta céntimos (7.323,80 €).

Terceiro: Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2025" (3ª quenda: do 1 ao 14 de agosto de 2025), que comprende 108 recibos, dos cales 7 correspóndense con cotas 0, dun total de 72 persoas participantes, e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de catro mil cincocentos oitenta euros (4.580,00 €).

Cuarto: Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2025" (4ª quenda: do 18 ao 29 de agosto de 2025), que comprende 71 recibos dun total de 46 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de tres mil trescentos noventa e tres euros (3.393,00 €).

Quinto: Expor ao público os datos incorporados aos padróns que se aproban, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da Corporación e da sede electrónica do concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuintes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, os padróns aprobados estarán a disposición do público nas oficinas do Departamento de Educación sitas na rúa Río Barcés nº 6 (A Barcala).

Sexto: Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá desde o 12/11/2025 ao 12/01/2026, ambos os dous incluídos. Transcurrido o mesmo procederáse a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema, de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos dez primeiros días do periodo voluntario de pago.

Sétimo: Dar conta da resolución á Tesourería e a Intervención municipal a traves da plataforma TEDEC.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O

recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosoadministrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente

Cambre, 10 de outubro de 2025

O concelleiro delegado

Rubén Vázquez Pérez

2025/6641